

RESOLUCIÓN DO 23 DE XULLO DO 2025 DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA, S.A. POLA QUE SE DECLARA INHÁBIL O MES DE AGOSTO PARA OS EFECTOS DO CÓMPUTO DE PRAZOS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA PERSOAL LABORAL FIXO

O desenvolvemento dos procesos selectivos esixen o cumprimento de determinados prazos, en concordancia co establecido nas súas respectivas bases da convocatoria e demais normativa de aplicación.

Polo anterior, en consideración ao período vacacional ordinario e para garantir o respecto dos prazos establecidos e o normal desenvolvemento dos procesos selectivos actualmente en vigor para o ingreso como persoal laboral fixo na Corporación

RESOLVO

Declarar inhábil o mes de agosto para os efectos do cómputo de prazos dos procesos selectivos para o ingreso como persoal laboral fixo na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral da CSAG no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación na páxina web corporativa, consonte á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou impugnala ante a xurisdición social conforme ao establecido na Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2025

Directora Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia



María Concepción Pombo Romero